.- o luns de Rosario, 2 de setembro de 2013

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2012 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

8.- DACIÓN DE CONTA INFORME INTERVENCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA O PAGO DE OBRIGAS

Pola Secretaría dase conta do informe de secretaria intervención sobre cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigas no segundo trimestre de 2012 que a continuación se transcribe literalmente:

<<INFORME SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LOS PLAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA EL PAGO DE OBLIGACIONES

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Boimorto de coformidad con lo dispuesto en el artículo 4.3 de la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , vengo a emitir el siguiente informe:

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Ley 3/2004, de 29 de diciembre , por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido de la ley de las haciendas locales .
- Ley 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público actual Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de contratos del sector público .

II.- CONSIDERACIONES

En aplicación de lo establecido en la ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , en el artículo 4º.3 , en cuanto a la obligatoriedad de informar sobre el cumplimiento, por parte de esta entidad local, de los plazos previstos para el pago de las obligaciones , que se concretan en los

artículos 1º.3 y . 3º.3 de esta ley , para el trámite que proceda se emite este informe:

El plazo al que se refiere el artículo 4.3 de la Ley 15/2010 es el establecido en el artículo 3º.3 de dicha ley que añade la disposición transitoria 8ª a la Ley 30/2007 de Contratos del Sector Público determinando que

*<<.....“(...) Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los **cincuenta días** siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.(...)”*

Aclarando con carácter previo que a fecha actual no se realizó hasta el año 2012 ningún informe sobre el incumplimiento de los plazos previstos para el pago de las obligaciones (en el pleno ordinario a celebrar el 23/02/2012 se pretende cumplir con esta obligación en relación al ejercicio 2011 estando en plazo la dación de cuenta del informe al Pleno sobre el cuarto trimestre del 2011), actualmente y a partir del 13/12/2011 se entenderá vigente (derogada la Ley 30/2007 de 30 de octubre de Contratos del Sector Público) lo dispuesto en el Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Publico artículo 216.4 y disposición transitoria sexta que dice literalmente :

Disposición transitoria sexta. Plazos a los que se refiere el artículo 216 de la Ley.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 216 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que de la ejecución presupuestaria registrada en la contabilidad municipal sobre el total de pagos materiales realizados se obtiene la siguiente información :

A) Sobre el segundo trimestre el ejercicio 2012:

a.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	177	108
Importe total	59.252,57€	81.118,01€

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en lo siguientes apartados así :

a.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre (artículo 4.3 de la ley 15/2010)

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	49	0
Importe total	57.631,00€	0,00€

a.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación (artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones **0**

Importe total **0€**

III.- CONCLUSIÓN

Es cuanto tengo que informar según la normativa de aplicación proponiendo que se de traslado de este informe a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y de la Xunta de Galicia de acuerdo con lo establecido en el Ley 15/2010 así como dese cuenta al Pleno en cumplimiento de lo establecido en los artículos 4 y 5

de la Ley 15/2010, y visto escrito del Consello de contas de Galicia con entrada en este Ayuntamiento el día 7/2/2012 nº 157 infórmese sobre la documentación requerida .

Este es mi informe que emito salvo error u omisión involuntaria en aplicación de la normativa vigente.

En Boimorto el 30 de junio de 2012

La Secretaria Interventora:

Fdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Os membros do Pleno da Corporación danse por informados/as.

9.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 26/06/2012 a 21/09/2012, números 177 a 292.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, presentase unha moción polo grupo municipal do PSdG PSOE nestes termos,

<<MOCIÓN URXENTE PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 27/09/2012

Solicítase ao Pleno municipal a votación de urxencia deste acordo relacionado cos complementos para incapacidade temporal en aplicación do artigo 9 do Real decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria por aceptarse o acordo que se propón onte polos representantes dos traballadores e considerando necesaria a súa adopción considerando que obedece este acordo de forma máis clara que a normativa autonómica dictada nesta materia (Lei 1/2012 de 29 de febreiro de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da CCAA de Galicia artigo 2 Incapacidade temporal) as circunstancias municipais.

(POR UNANIMIDADE O PLENO MUNICIPAL CON 11 VOTOS A FAVOR 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto ACEPTOU O TRATAMENTO DESTA MOCIÓN)

Visto o artigo 9 e a disposición transitoria 15 do Real decreto lei 20/2012 de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria, e a aceptación polos representantes dos traballadores da proposta de acordo desta Alcaldía, en uso das facultades outorgadas legalmente polo presente propoño que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO:**

PRIMEIRO.- O Concello de Boimorto aplicará ademáis do previsto na lexislación da seguridade social as seguintes regras para proceder o abono do complemento por incapacidade temporal para o persoal o seu servizo:

1.- Abonarse un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades, ..) dende a data de inicio da situación de

incapacidade temporal por contingencias profesionais e polas contingencias comúns que xeneren:

- Hospitalización
- Intervención quirúrxica

Fundamentadas en razóns de saúde por informe médico dos servizos públicos da seguridade social excluindo hospitalizacións ou intervencións quirúrxicas que obedezan a simples razóns estéticas.

2.- Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

A) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o 50% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións, horas extra, productividades, ..) cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata alcanzar o 40% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

B) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o 75% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións, horas extra, productividades, ..) cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata alcanzar o 65% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

C) A partir do día vinteún abonarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades,) cando sexa a primeira baixa no ano natural, un complemento ata alcanzar o 90% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais , a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada durante todo o período de duración da mesma ata o 100% das retribucións que viñera percibindo dito persoal no mes anterior o de causarse a incapacidade .

4.- Os empregados e empregadas públicos do Concello de Boimorto percibirán un complemento á prestación económica para que perciban o 100% das súas retribucións (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades, ..) nas situacións de :

- Maternidade
- Paternidade
- Risco por embarazo

5.- As referencias a días incluídas neste acordo entenderanse realizadas a días naturais.

SEGUNDO.- O disposto neste acordo será de aplicación a situacións que se produzan a partir da data de publicación do mesmo no taboleiro de anuncios do Concello (trala aprobación plenaria)

O Alcalde:
Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

A Alcaldía sinala que foi negociado este acordo cós representantes dos traballadores e aceptado por todos . Así mesmo indica que se considerou necesaria a limitacións dos complementos en casos de continxencias non profesionais segundo o número de baixas .

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se se tivo en conta que hai enfermidades recorrentes e se afecta a todos os empregados, resposta o Alcalde que si afecta a todos os empregados públicos non so os funcionarios.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- O Concello de Boimorto aplicará ademáis do previsto na lexislación da seguridade social as seguintes regras para proceder o abono do complemento por incapacidade temporal para o persoal o seu servizo:

1.- Abonarse un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades, ..) dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal por contingencias profesionais e polas contingencias comúns que xeneren:

- Hospitalización
- Intervención quirúrxica

Fundamentadas en razóns de saúde por informe médico dos servizos públicos da seguridade social excluindo hospitalizacións ou intervencións quirúrxicas que obedezan a simples razóns estéticas.

2.- Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

A) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o 50% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións, horas extra, productividades, ..) cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata alcanzar o 40% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

B) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive abonarase un complemento ata alcanzar o 75% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións, horas extra, productividades, ..) cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata alcanzar o 65% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

C) A partir do día vinteún abonarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións percibidas no mes anterior ó de causarse a incapacidade (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades,) cando sexa a primeira baixa no ano natural, un complemento ata alcanzar o 90% na segunda baixa, para baixas posteriores non se abonará dito complemento.

3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais , a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada durante todo o período de duración da mesma ata o 100% das retribucións que viñera percibindo dito persoal no mes anterior o de causarse a incapacidade .

4.- Os empregados e empregadas públicos do Concello de Boimorto percibirán un complemento á prestación económica para que perciban o 100% das súas retribucións (sen contar as que non teñan devengo periódico, entre elas gratificacións ,horas extra, productividades, ..) nas situacións de :

- Maternidade
- Paternidade
- Risco por embarazo

5.- As referencias a días incluídas neste acordo entenderáanse realizadas a días naturais.

SEGUNDO.- O disposto neste acordo será de aplicación a situacións que se produzan a partir da data de publicación do mesmo no taboleiro de anuncios do Concello.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde dálle a palabra a D. Antonio Costoya Duro que expón;

.- Roga que se aprrobe unha ordenanza que regule aparcamentos no núcleo urbano ante as multas que se están poñendo por aparcar enriba das aceras.

.- En relación co Plan da Deputación DTC roga que se teñan en conta as solicitudes de asociacións e do Clube de Fútbol para meter neste plan, pregunta se hai algo para as solicitudes destas asociacións.

.- Di que sabe que se limpan ultimamente as aceras en Arceo mais pide que tamén a senda peatonal; e se é competencia da Deputación que tramite o Alcalde esta solicitude en representación dos veciños.

.- Pide información sobre Ponte a Boado.

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que felicita o traballo feito polo persoal do Concello para o Festival da Luz, pola boa organización, polo bo ambiente, rogando que o próximo ano todos os letreiros e nomes relacionados co Festival estean en galego. Roga este concelleiro tamén, en relación coas indicacións do Camiño Norte a Santiago para os peregrinos, que non se poña Arca senón Pedrouzo xa que di que poñer Arca conduce os peregrinos por unha senda perigosa e que Pedrouzo e o nome que teñen nos mapas. Remata preguntando á Alcaldía se a Xunta ingresou o que debía ó Concello.

A continuación o Alcalde reposta ós rogos e preguntas realizados sinalando:

En relación coa solicitude de ordenanza para aparcamentos no núcleo urbano, di que esta travesía é da Deputación e as aceras para seguridade dos viandantes, que xa no momento de redacción do Plan Xeral propuxo que fora esta travesía de sentido único e volta por detrás da casa da cultura; pero non quedou así e agora os anchos non dan para aparcamentos, di que o Concello dotou de aparcamentos a zona ademais do aparcamento do colexio pero a xente non os utiliza, ademais de ter un transporte colectivo para uso dos maiores que fan compras no urbano e para que non usen o coche particular.

Pregúntalle o concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro que di sobre as multas que puxeron por aparcar na travesía e recomenda a Alcaldía facer un bando sobre isto. Resposta o Alcalde que considera que non hai competencias de tráfico para impor ditas multas que o consultará e que

non tiña coñecemento pero que hai que mentalizar á xente para que non se aparque así, enriba das aceras.

En relación co rogo do concelleiro D. Antonio Costoya, de atención das demandas das asociacións de veciños e do clube de fútbol para meter as súas peticións no Plan da Deputación DTC, di o Alcalde que o escrito do PP informando ós veciños de inversións posibles para que se metan neste plan é falso nun 90%; que se venden mentiras á cidadanía de Boimorto e non se está aquí para mentir, non se poden meter ditas peticións no plan solicitado como se ve nas súas bases e como se informa xuridicamente no Concello por Secretaría, salvo que se queiran perder os cartos de dito plan ó que o Concello non está diposto. Continúa sinalando que xa se informou do gasto anual deste Concello relacionado coa actividade do clube de fútbol e non poden atosigar así; que ademais non está disposto a perder o Plan por solicitar o que non encaixa.

Sobre a petición de ampliación da Ponte a Boado informa o Alcalde que xa fixo un escrito conxunto con Mesía solicitando a infraestruturas agrarias, pide o apoio do grupo municipal do PP de Boimorto para conseguir algo xa que o orzamento de Boimorto non dá agora para ese proxecto, sinala que consta rexistro de saída con esa petición.

Continúa a Alcaldía reprochando os concelleiros do PP que non apoiem ó Concello para conseguir nada, que non valoren o Festival da Luz nin busquen apoio para el pola Xunta ou Deputación, di que o Concello non recibiu nada para este Festival nin da Xunta nin da Deputación, que lle parece increíble que veña o Presidente da Deputación á Mota e non ó Festival, nin vexa o PP o que se fai non pobo de Boimorto.

O concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Costoya, reprocha á Alcaldía que non avise para nada. Resposta o Alcalde o que hai é que apoiar; que o PP deu orde expresa para que non houbera participación nin colaboración neste Festival, di que o PP non quere que se faga nada en Boimorto.

O concelleiro do PP, D. Antonio Costoya oponse totalmente ó que está dicindo o Alcalde.

Continúa o Alcalde sinalando, en relación coas aceras en Arceo que se limparon a finais de agosto, que a obra non foi entregada pola Deputación ó Concello, que o Concello fainode boa fe e cando toca, non se descoidan as cousas.

O Alcalde, dirixíndose ó concelleiro do grupo mixto, D. Xosé Luís Rivas, agradácelle a felicitación que deu neste Pleno ó traballo dos empregados do Concello no Festival, que terá en conta nos próximos festivais o dos letreiros en galego. O Concello é unha parte pero hai máis partes implicadas na organización deste Festival.

Entre o concelleiro do grupo mixto, D. Xosé Luís Rivas e o concelleiro do PP, D. Antonio Costoya, dicútese sobre a redacción dos letreiros en galego ou castelán, remata o concelleiro do grupo mixto dicindo que quere que se respecte a súa cultura e o seu país.

Sobre o rogo, en relación coa indicación de Predouzo para os peregrinos no Camiño Norte di o Alcalde que o terá en conta .

En relación coa pregunta do concelleiro D. Xosé Luís Rivas sobre se a Xunta pagou ó concello o que se debía de subvencións di o Alcalde que si.

En relación co rogo deste concelleiro do grupo mixto de máis papeleiras na rúa principal di o Alcalde que toma nota.

Remata o Alcalde solicitando ó grupo municipal do PP unha man para que o proxecto do polígono con planta de biomasa tire para diante, di que xa ameazou á Secretaría de Industria con facer unha manifestación.

Pregúntalle á Alcaldía o voceiro do PP D. Gonzalo Concheiro que necesita.

Resposta o Alcalde que a Xunta aprobe o proxecto.

A concelleira do PP, D^a M^a Jesús Novo di que xa preguntou na Xunta e lle responderon que están cumprindo prazos legais e que pediu axilizar o tema.

Di o Alcalde que poden tardar 18 meses.

Pregúntalle o concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro ó Alcalde con quen ten que falar, dille o Alcalde que co Director Xeral de Industria e co Secretario Xeral, Borja Vereza, que lle dixo que enviarían acordo de aprobación do proxecto antes do 5.

A concelleira do PP, D^a M^a Jesús Novo insiste en que hai alegacións no expediente.

Di o Alcalde que xa se mandaron ó promotor para que contestara a ditas alegacións e contestáronse, que pediron copia do proxecto e se enviou, e xa falou o empresario e o Alcalde con Borja Vereza, di que pode autorizarse.

Pregúntalle o concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro ó Alcalde que se o que pide é a autorización.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que o necesario e darlle para adiante.

Di o Alcalde que as alegacións a este proxecto non teñen sentido por ser unha planta de biomasa de carácter híbrido, que non entende que non o reciba o Presidente da Xunta, ó que lle pediu audiencia fai máis de 6 meses, nin o da Deputación, ó que lle pediu reunión fai 5 meses. Non o reciben a pesar de todo o que pasa e se fai en Boimorto.

Di o concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Costoya que non é culpa deles.

O Alcalde reprocha ó PP non apoiar o Festival ó que contesta D. Gonzalo Concheiro que non foron invitados, continúa o Alcalde decindo que ó PP non lle interesa Boimorto, nin a Residencia. O concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro di que é mentira, o Alcalde reprocha directamente á persoa de D. Gonzalo Concheiro a falta de colaboración e o boicot ó servizo da Residencia, o concelleiro do PP nega estas acusacións.

O concelleiro do grupo mixto, D. Xosé Luís Rivas destaca a importancia do proxecto da biomasa por crear 30 postos de traballo.

A concelleira do PP, D^a M^a Jesús Novo di que ela foi a interesarse polo proxecto.

O concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro dille ó Alcalde que se quere colaboración poden falar se necesitan axuda.

Contesta o Alcalde que non a necesita el senón o pobo; que xa en xuño falou disto no Pleno, que o acompañen á Xunta para que o reciban, que a Melide dánselle 50.000€ para actividades culturais e a Boimorto con ese Festival nada.

Di o concelleiro do PP, D. Gonzalo Concheiro que el non sabe nada.

Remata o Alcalde sinalando que a pesar de toda a falta de apoio fixo o Festival e fará a planta de Biomasa.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:28 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez